

PLAN ESTRATÉXICO DA FACULDADE DE FARMACIA 2018-2020



PRESENTACIÓN DO CENTRO

PRESENTACIÓN

Este documento constitúe o Plan estratéxico da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago para o período 2018-2020.

A posta en marcha do proceso da súa elaboración realizouse segundo o procedemento P01-PE 01 de elaboración e aprobación do Plan estratéxico do centro, iniciándose polo equipo de dirección do centro na súa xuntanza semanal do día 28 de setembro de 2017. Unha vez recollidas as suxestións dos membros das Comisións dos Títulos do Grao en Farmacia e do Máster en I+D de medicamentos, elaborouse a actual proposta que será sometida a exposición pública e consulta dos grupos de interese entre os que se atopa o Comité Consultivo da Facultade de Farmacia.

Neste documento faise unha fonda reflexión acerca das fortalezas e debilidades, oportunidades e ameazas, unha vez que as dúas titulacións que se ensinan no centro, Grao en Farmacia e Máster en I+D de Medicamentos, pasaron a súa acreditación. Establécense as liñas estratéxicas e os obxectivos concretos que deben guiar a xestión da facultade ata o ano 2020. Estas liñas estratéxicas plásmanse nos ámbitos nos que se debe traballar e que afectan ao alumnado, ao persoal docente e investigador e ao persoal de administración e servizos do centro.

As liñas estratéxicas e os obxectivos que se definen neste plan están enmarcados dentro do plan estratéxico da USC 2011-2020.

ELABORADO POR:	INFORMADO POR:	REVISADO POR:	APROBADO POR:	APROBADO POR:
Equipo de Dirección	Comisión de Calidade do Centro	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	Xunta de Facultade	Comisión de Calidade e Planificación delegado de Consello de Goberno
Data:28/12/2017	Data: 13/03/2018	Data:22/03/2018	Data: 05/04/2018	Data:06/04/2018

BREVE RESEÑA HISTÓRICA

Os estudos de Farmacia na USC inicianse como tales coa promulgación da Lei de instrución pública de 1857. Dende entón ata os nosos días, nos que nos tivemos que adaptar ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), existiron diferentes plans de estudo. Dentro do EEES, no noso centro se ensinan estudos de Grao en Farmacia, que habilitan para a profesión de farmacéutico, titulación homologada única no Sistema Universitario de Galicia (SUG), o Máster en I+D de Medicamentos dende o curso 2010-2011 e a dobre titulación Farmacia/Óptica e Optometría dende o curso 2017- 2018.

Nesta etapa o centro apostou por unha política de calidade, que se iniciou coa aprobación do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) en abril do ano 2010. Este SGIC foi evolucionando e adaptándose dende o Sistema Marco de Garantía Interna de Calidade da universidade ao funcionamento real do centro. Actualmente está vixente o Manual simplificado do SGIC, que unha vez aprobado pola Comisión de Calidade do centro e a Xunta de Facultade, finalmente se aprobou o 4 de febreiro de 2015 polo Consello de Goberno da USC.

Un paso posterior enmarcado dentro da política de calidade do centro tivo lugar o 13 de abril de 2016, coa emisión do informe favorable pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC, da primeira Memoria de Calidade do centro.

O plan estratéxico que se presenta pretende ser a seguinte pedra, para continuar apostando por unha docencia e investigación que cumpran coa política de calidade da facultade e da universidade.

MISIÓN

A Facultade de Farmacia ten como misión contribuír á formación integral e de calidade de profesionais de recoñecida calidade e prestixio, comprometidos coa saúde e benestar das persoas, nunha contorna académica que promova a xeración e aplicación de coñecementos baixo principios éticos de igualdade de xénero e de sustentabilidade.

VISIÓN E PROPÓSITO ESTRATÉGICO

A Facultade de Farmacia da USC quere contribuír ao progreso da sociedade ofrecendo unha docencia de calidade e desenvolvendo unha investigación avanzada, segundo as esixencias internacionais, que dean resposta ás necesidades da sociedade, aspirando en todas as súas actividades a ser recoñecida como centro de referencia non só a nivel nacional senón tamén a nivel internacional.

VALORES

Deben guiar as accións e o comportamento da Facultade de Farmacia valores como:

- Integridade, conducta ética e transparencia en todas as nosas actuacións.
- Rendición de contas: á facultade, á universidade e á sociedade, que en definitiva foi a que inverteu a través do financiamento público da Universidade.
- Compromiso cos nosos estudantes, grupos de interese e a sociedade en xeral.
- Asegurar que se cumpran os obxectivos de todos os membros da nosa comunidade baseándonos no mérito, a igualdade e a capacidade.
- Colaboración coa nosa contorna e cos demais centros a nivel nacional e internacional e traballo en equipo fomentando a participación de todos para acadar obxectivos comúns.

ANÁLISIS DAFO

FORTALEZAS

- **XESTIÓN**

- O Grao en Farmacia mantén a súa relevancia e se xustifica na tradición dos estudos e a súa implantación exclusiva dentro do Sistema Universitario de Galicia (SUG), o seu interese profesional, o feito de orientarse a unha profesión regulada, a estabilidade da súa demanda, así como a elevada taxa de inserción laboral.

- Implicación do equipo directivo coa mellora continua do funcionamento do centro a través de:

- Organización dunha xornada de recepción dos alumnos de primeiro curso do Grao de Farmacia, da Dobre titulación Farmacia/Óptica e dos alumnos do Máster en I+D de medicamentos.
- Existencia dunha guía do curso, con toda a información de interese para os alumnos, dentro da páxina web da Facultade, así como a actualización constante da páxina web no que se refire ás ligazóns directas a espazos de asociación e representación de estudantes, accesos a ofertas de emprego e, especialmente, a ampla información referida aos programas de mobilidade.
- Realización dun único exame de normas de seguridade no laboratorio aos alumnos de primeiro, antes de incorporarse ás súas prácticas de laboratorio.
- Elaboración e coordinación das listaxes de prácticas de laboratorio de todas as materias e de todas as titulacións que se cursan no centro.

- Integración, dedicación e implicación do persoal de administración e servizos (PAS) co traballo que se desenvolve no centro e que contribúe ao bo funcionamento do mesmo.

- Existencia dun Comité Consultivo da facultade como órgano do que se obtén información salientable e actualizada dende o punto de vista profesional.

- Existencia da Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas, comisión paritaria universidade/colexios profesionais para xestionar as prácticas tuteladas, ao ser unha materia obrigatoria con alta carga docente que ten que desenvolverse consonte a normativa europea.

● **DOCENCIA**

- Captación de alumnos con nota media de acceso alta que se vai incrementado paulatinamente e cunha porcentaxe vocacional alta (elección en primeira opción).

- Participación activa dos estudantes nos distintos órganos do centro, no desenvolvemento de actividades e na toma de decisións.

- Innovación e mellora nas actividades docentes como:

- Gran compromiso de xestión dos coordinadores de Grao e Máster e dos coordinadores de curso.
 - Inclusión de rúbricas de avaliación na guía docente do TFG e das Prácticas Tuteladas.
 - Existencia dunha aula de simulación de farmacia, da que fomos pioneiros nas universidades públicas españolas.
 - Realización de cursos de formación de innovación docente no centro, para o PDI e de adquisición de competencias transversais para os alumnos.
 - Realización de prácticas externas curriculares optativas no Sergas/Consellería de Sanidade, Distribución e Industria.
- Ampla capacidade docente do profesorado, ben cualificado, estable, 100% de doutores, con dedicación exclusiva e elevado número de quinquenios de docencia recoñecidos.
 - Satisfacción dos distintos grupos de interese (profesores, alumnos, egresados...) por riba da media da Universidade.
 - Posición destacada da facultade en diferentes rankings nacionais e excelentes resultados obtidos por alumnos do Grao en Farmacia en exames a nivel estatal (convocatoria de FIR) nos últimos anos.
 - Boa inserción laboral.
 - Participación no programa a Ponte da USC.
- **INVESTIGACIÓN**
 - Ampla capacidade investigadora do profesorado que ten docencia no centro, avalada polos sexenios de investigación recoñecidos.
 - Existencia de grupos de investigación de referencia competitiva e grupos de potencial crecemento vencellados a docentes da facultade.
 - Redes de investigación con transferencia do coñecemento avalado por múltiples patentes, que lideran a nivel nacional e internacional liñas de investigación punteiras, que permitiron que o centro estea á vangarda das facultades de farmacia en produción científica.

- Posibilidade de iniciación á investigación dos nosos alumnos a través das prácticas externas curriculares optativas en grupos de investigación.
- Adscritos á Facultade de Farmacia 4-5 grupos de investigación con recoñecemento de excelencia pola Xunta de Galicia. Isto supón un potencial de liderado e captación de novos recursos económicos.
- Posibilidade de que os alumnos entren en contacto coa industria a través dos contactos e colaboracións dos GI de excelencia.
- Máster en I+D de Medicamentos adscrito á Facultade de Farmacia, de perfil investigador, que ten longa traxectoria e recoñecida calidade pola ACSUG, e que ocupa posicións destacadas noutros rankings nacionais (3ª- 4ª posición nas últimas convocatorias analizadas). No 2015 o Máster renovou a súa acreditación, destacando a comisión avaliadora que na dimensión de recursos humanos a cualificación obtida é un exemplo que excede os requirimentos básicos. Unha porcentaxe moi elevada dos alumnos que o cursan realizan a Tese Doutoral e moitos egresados son na actualidade investigadores pre- e posdoutorais.
- Programa de doutoramento en I+D de Medicamentos cun vencello moi estreito coa facultade, ao coordinarse dende un departamento do centro que forma futuros doutores.

DEBILIDADES

● INFRAESTRUTURAS

- Deficiencias das instalacións: fallos estruturais e problemas ambientais ocasionados pola presenza no subsolo de produtos derivados do petróleo.
- Non dispoñibilidade temporal de aulas para realizar a docencia do grao durante a remodelación da facultade.
- Estado obsoleto dos laboratorios tanto de investigación como de prácticas de alumnos.
- Deficiencias de material informático do PDI.

- **DOCENCIA**

- Imposibilidade de interrelación entre alumnos de distintos cursos debido á non dispoñibilidade de aulas para realizar a docencia durante o período de obras.
- Carencia formativa do profesorado para seguir un sistema de docencia baseado na adquisición de competencias.
- Falta de recursos económicos para clases prácticas e actividades complementarias á docencia.
- Necesidade de implantación de materias noutros idiomas para ter unha maior proxección internacional.
- Carencia da axuda económica para o desenvolvemento de TFGs e TFM experimentais. Isto condiciona a realización dos traballos experimentais, posto que só os poderán acometer aqueles grupos que teñen proxectos de investigación activos.

- **INVESTIGACIÓN**

- Atomización dos grupos de investigación da facultade ao marcharse a centros singulares por carencias nos nosos laboratorios de investigación.
- Descentralización dos recursos de investigación do centro que non permite aos grupos acceder a equipos e tecnoloxías avanzadas para desenvolver liñas de investigación específicas.

OPORTUNIDADES

- Prestixio da USC.
- Prestixio da Facultade de Farmacia a nivel nacional.
- Posibilidade de ofertar dobres titulacións.
- Posibilidade de captación de alumnos estranxeiros polo prestixio da Facultade de Farmacia.

- Excelente relación cos Colexios Profesionais e outras institucións/organismos relacionados coa profesión.
- Posibilidade de implantar actividades de Aprendizaxe-Servizo.
- Mellora das infraestruturas aproveitando as obras que se están desenvolvendo no edificio de aulas da facultade, así como a resolución de problemas ambientais mediante técnicas de biorremediación.
- Posibilidade de incrementar a captación de alumnos para o máster.
- Posibilidade de establecer convenios con empresas para a realización de prácticas dos alumnos do máster.
- Implantación en la USC do Grao de Biotecnoloxía.

AMEAZAS

- Escasa taxa de reposición de profesorado para substituír as xubilacións masivas que se están producindo como consecuencia do avellentamento do persoal.
- Desánimo do PDI debido á falta de incentivos reais á calidade e excelencia docente e investigadora.
- Incremento paulatino do número de alumnos nas clases interactivas.
- Burocratización excesiva de todos os procesos que afectan á vida académica, de investigación e, sobre todo, de xestión.
- Tendencia a diminuír o número de alumnos de novo ingreso no Máster de I+D de medicamentos, o que ameaza o mantemento do dito máster.
- Ausencia de financiamento, polo descenso das convocatorias competitivas tanto a nivel nacional como autonómico.

ANÁLISE CAME

MANTEMENTO DAS FORTALEZAS

- Continuar coa mellora continua do funcionamento do centro en todos os ámbitos explicitados.
- Incrementar a frecuencia das xuntanzas do equipo directivo do Comité Consultivo da facultade.
- Promover e potenciar xuntanzas do equipo directivo cos estudantes de cada curso e dos másters que se cursan na facultade.
- Potenciar a participación dos profesores da facultade no Programa Ponte para atraer para o Grao en Farmaci, o estudantado con mellor rendemento académico.
- Promover e potenciar xuntanzas entre os PAS e entre o equipo directivo e os PAS.
- Apoiar aos grupos de investigación.

CORRIXIR AS DEBILIDADES

- Impulsar a finalización, á maior brevidade posible, das obras de reforzamento do aulario.
- Impulsar dende o equipo de dirección a obtención de financiamento para dotar de medios informáticos axeitados ao profesorado.
- Analizar a Memoria do Grao en Farmacia para a súa revisión.
- Reducir o tamaño dos grupos interactivos mentres o permita a capacidade docente das áreas.
- Potenciar a participación do PDI en cursos que lles permitan mellorar a calidade da docencia orientada á adquisición de competencias.
- Solicitar financiamento estable para incorporar a profesionais externos en actividades

de formación.

- Promover e potenciar cursos de posgrao e formación continua.
- Promover e potenciar a participación do estudantado nos procesos electorais de representación nos órganos de goberno do centro.

EXPLOTACIÓN DAS OPORTUNIDADES

- Explotar o prestixio da USC e da Facultade de Farmacia.
- Potenciar a relación con colexios profesionais, SERGAS, distribución farmacéutica.
- Promover charlas específicas sobre as saídas profesionais da titulación.
- Promover a realización de clases en inglés para atraer a estudantes estranxeiros.
- Modificar a memoria do Grao para corrixir deficiencias.
- Promover o ensino de dobres titulacións.

AFRONTAR AS AMEAZAS

- Impulsar a captación de financiamento estable para os grupos de investigación.
- Instar á reposición, promoción e incremento de profesorado.
- Promover a limpeza completa so subsolo da facultade.
- Fomentar a integración dos grupos de investigación da facultade en grupos maiores e máis competitivos.

LIÑAS ESTRATÉXICAS

Unha vez realizada unha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) do centro e tendo a descrición actual e a visión de a onde se quere chegar, desenvolveuse unha análise de como se poderían manter as fortalezas, afrontar as debilidades e ameazas e explotar as oportunidades, coa finalidade de poder establecer as liñas estratéxicas e marcar os obxectivos de cada unha delas.

En base ao estudo antes mencionado, decidiuse establecer catro liñas estratéxicas, así como os obxectivos de cada unha das mesmas.

IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS

LIÑA ESTRATÉGICA 1: INFRAESTRUTURAS

A primeira liña estratéxica céntrase nas infraestruturas do centro, como elementos imprescindibles para desenvolver as actividades propias dun centro de carácter docente e investigador. Os obxectivos están enmarcados fundamentalmente en arranxar deficiencias derivadas de que o centro ten unha antigüidade de case 50 anos, nos que non se realizou ningunha intervención importante.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 1.

- 1.1.- Mellorar as infraestruturas do centro.
- 1.2.- Mellorar as infraestruturas docentes

ACCIONS ESTRATÉXICAS OBXECTIVO 1.1:

- A. Promover a limpeza do subsolo da facultade.
- B. Seguimento das obras de fixación de infraestrutura do pavillón de aulas.
- C. Impulsar o plan de intervención do pavillón de aulas.
- D. Unificación nun só espazo a biblioteca da Facultade.
- E. Traslado do Museo a un espazo para darlle máis visibilidade.
- F. Impulsar un proxecto para o arranxo integral dos pavillóns A, B e C do edificio coa finalidade de arranxar todas as deficiencias nos laboratorios de investigación.

ACCIONS ESTRATÉXICAS OBXECTIVO 1.2:

- A. Mellorar a dotación para o mobiliario das aulas.
- B. Solicitar financiamento para dotar de medios informáticos axeitados ao profesorado.

- C. Renovar equipamento de laboratorios de prácticas.
- D. Organización dos laboratorios de prácticas de alumnos.

LIÑA ESTRATÉGICA 2: DOCENCIA

A segunda liña estratéxica céntrase na calidade e mellora da docencia. O obxectivo estratéxico principal está dirixido a mellorar diferentes aspectos relacionados co desenvolvemento dos títulos que se ensinan actualmente na facultade, para acadar que a formación dos estudantes sexa o máis axeitada posible. Obxectivos non menos importantes son a formación docente continua dos profesores e a mellora do catálogo de titulacións coa incorporación de dobres graos de interese para os nosos alumnos.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 2.

- 2.1.- Revisar e actualizar as memorias dos títulos adscritos á facultade.
- 2.2.- Revisar a adquisición e avaliación de competencias incluídas na memoria dos títulos.
- 2.3.- Ofertar actividades que permitan acadar as competencias transversais indicadas na memoria dos títulos.
- 2.4.- Coñecer as necesidades de formación continua dos egresados.
- 2.5.- Impulsar a oferta de Dobres Titulacións.

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS OBXECTIVO 2.1:

- A. Revisar e actualizar a memoria do título de Grao en Farmacia, incorporando os cambios recollidos nos informes de seguimento.

ACCIÓNS ESTRATÉGICAS OBXECTIVO 2.2:

- A. Revisar as guías docentes das materias para que todas inclúan a avaliación das competencias que figuran na memoria do título.
- B. Organizar actividades dende o centro dirixidas ao PDI, sobre docencia e avaliación en competencias.
- C. Potenciar a participación do PDI en cursos que lles permitan mellorar a calidade da docencia orientada á adquisición de competencias.
- D. Realizar enquisas a estudantes, profesores e empregadores sobre a adquisición de competencias.

ACCIONS ESTRATEXICAS OBXECTIVO 2.3:

- A. Organizar cursos dirixidos ao alumnado para desenvolver as competencias transversais que figuran nas memorias verificadas das titulacións.
- B. Propoñer a docencia en inglés dalgunhas materias.
- C. Impulsar la reducción do tamaño dos grupos interactivos mentres o permita a capacidade docente das áreas.

ACCIONS ESTRATEXICAS OBXECTIVO 2.4:

- A. Realizar enquisas durante o ano seguinte á graduación e posteriores para coñecer a situación laboral dos egresados, así como as súas necesidades.
- B. Solicitar financiamento para organización de cursos de posgrao e formación continua en colaboración cos colexios oficiais farmacéuticos.

ACCIONS ESTRATÉXICAS OBXECTIVO 2.5:

- A. Impulsar a implantación da dobre titulación Farmacia– Biotecnoloxía.

LIÑA ESTRATÉXICA 3: INVESTIGACIÓN

A terceira liña estratéxica está centrada na investigación. O seu principal obxectivo é difundir entre os estudantes da Facultade o coñecemento científico xerado por docentes do Centro, así como incentivar a súa atracción pola investigación introducindo a actividade cotiá da Facultade. Este contexto científico permitirá a consolidación da Facultade de Farmacia como Centro de investigación e facilitará o retorno ás súas instalacións dos GI que contan con docentes no Centro.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.

- 3.1.- Dar a coñecer aos alumnos a actividade investigadora que realizan os docentes dos títulos que se ensinan na facultade.
- 3.2.- Introducir aos grupos de investigación na actividade cotiá/diaria da facultade.
- 3.3.- Atraer aos grupos de investigación ás instalacións da facultade.

ACCIONS ESTRATÉXICAS OBXECTIVO 3.1:

- A. Organizar charlas/conferencias programadas dos GI para dar a coñecer aos alumnos a intensa e relevante actividade investigadora que realizan os docentes da Facultade.
- B. Programar visitas aos laboratorios de investigación.
- C. Facer visible a importancia da labor investigadora, tanto básica como aplicada, e da docencia en investigación, na adquisición dunha formación sólida con maiores perspectivas a futuro.

ACCIONS ESTRATÉXICAS OBXECTIVO 3.2:

- A. Apoiar aos GI mellorando as infraestruturas.
- B. Impulsar a captación de recursos económicos para formar estudantes na investigación que nos permita manter ou aumentar o número de alumnos que se incorporan nos laboratorios dos GI para realizar prácticas externas curriculares optativas en GI (PEGI).
- C. Realizar o congreso no que os alumnos expoñen os traballos realizados nas PEGI.
- D. Optimización de espazos da facultade, mellorando as instalacións aproveitando as obras da mesma.

ACCIONS ESTRATEXICAS OBXECTIVO 3.3:

- A. Optimizar a utilización das infraestruturas de uso común na investigación.
- B. Formar persoal responsable das instalacións comúns para mellorar/optimizar a súa utilización.
- C. Solicitar unha dotación económica anual para o mantemento dos espazos comúns de investigación.

LINA ESTRATEXICA 4: CALIDADE

A cuarta liña estratéxica céntrase na calidade. Os obxectivos clave a conseguir son: certificar o sistema de Garantía de calidade e mellorar o coñecemento do mesmo polo profesorado do Centro.

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.

- 4.1.- Certificación do Sistema de Garantía de Calidade.
- 4.2.- Mellorar o coñecemento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC).

ACCIONS ESTRATÉGICAS OBXECTIVO 4.1:

- A. Valorar a adecuación do SGIC ás directrices do programa FIDES-AUDIT e impulsar a completa implantación na xestión ordinaria do centro.
- B. Solicitar a certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC).

ACCIONS ESTRATEXICAS OBXECTIVO 4.2:

- A. Organizar actividades no centro dirixidas aos colectivos de interese relacionados cos títulos que se ensinan, especialmente co PDI, alumnos e PAS, coa finalidade de explicar o Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e mellorar o coñecementos destes colectivos sobre o mesmo.
- B. Impulsar a participación dos colectivos de interese na valoración das actividades que realiza a facultade, especialmente a participación nas enquisas do SGC.